

ACTA DA ASEMBLEA XERAL ORDINARIA DO CLUBE DE MONTAÑA XISTRA, CELEBRADA O DÍA 9 DE FEBREIRO DE 2018 ÁS 20:15 HORAS NO EDIFICIO DAS FEDERACIÓNS DEPORTIVAS, RÚA FOTÓGRAFO LUÍS KSADO 17 DE VIGO.

Asistentes

Presidente

D. Xosé Henrique Freixeiro

Directivos presentes

D^a. Hénar de Diego de Diego

D. Raúl Leirós Gutiérrez

D. Antonio Paredes Chapelá

D. Eduardo Barrosa Picón

D. Ángel González Iglesias

D. J. Carlos Senovilla Sanz

D. José Miguel Merino Encinas

Socios con dereito a voto

María Teresa Cameselle Rodríguez

Julio Fernández Oitabén

José Álvarez Rodríguez

Uxío González Pérez

Fernando Cerqueira Alonso

Higinio Leirós Davila

Manuel Martínez Núñez

Alberto Otero Rodríguez

Juan Celso Alonso Prado

Dionisio Soto Amil

Adolfo Puch Domínguez

Manuel Fco. Granada Otero

José Do Pazo Díaz

María Amalia Otero

Xosé Lois Freixeiro López

Iniciase a Asemblea Xeral Ordinaria, convocada polo Presidente a tal efecto.

ORDE DO DÍA

1. Lectura e aprobación, se procede, da Acta anterior.
2. Lectura e aprobación, se procede, do Estado de Contas 2017.
3. Resumo de actividades 2017 e proxecto 2018.
4. Axudas a deportistas.
5. Rogos e preguntas.

SESIÓN

Abre a sesión o Presidente dando lectura á orde do día. O Presidente escusa a ausencia da Secretaria D^a Begoña Landesa Torrado e tamén da Vicepresidenta D^a María Luísa Martínez Bello. Fará de amanuense Don Xosé Lois Freixeiro e dará fe, coma Secretario da Asemblea, Don Raúl Leirós Gutiérrez, Director Técnico do club.

1.- Lectura e aprobación, se procede, da Acta anterior.

O Presidente lee a Acta anterior de 17 de marzo de 2017, que é aprobada por unanimidade.

2.- Lectura e aprobación, se procede, do Estado de Contas 2017.

O Presidente fai unha presentación multimedia sobre o contexto deportivo do club, centrado nun punto de vista contable, con datos correspondentes a 2017. Informa do lixeiro aumento de socios, pasando de 119 licenzas en 2016 a 131 licenzas en 2017.

Preséntase o Balance de Situación e a conta de Resultados a data 31 de decembro de 2017.

Infórmase das subvencións percibidas en 2017 e das que están concedidas:

Ano	Entidade Pública	Importes
2017	Concello de Vigo	1.467'98 €
2017	Concello de Vigo – Igualdade	268'01 €
2017	Deputación Provincial de Pontevedra	1.374'00 €
2017	Xunta de Galicia (corresponde a 2016)	768'82 €

Complementariamente recibimos:

1. Unha subvención da FEDME que cobraremos en 2018. (“Promoción de la licencia FEDME”, Subvención 585 €.)
2. De Igualdade de Vigo recibimos unas prendas deportivas que iremos entregando en 2018.

As contas reflicten un superávit anual de 1.506,35 € (positivo de mil cincocentos seis euros con trinta e cinco céntimos), sendo o saldo de tesouraría a fin de ano de 31.785,36 € (trinta e un mil setecentos oitenta e cinco euros con trinta e seis céntimos), repartidos entre os 222,56 € (douscentos vinte e dous

euros con cincuenta e seis céntimos) na caixa e 31.562,80 € (trinta e un mil cincocentos sesenta e dous euros cons oitenta céntimos) en Abanca.

O Presidente pide desculpas por non ter recollido nas contas nin pagado a tempo ós gastos dos voluntarios na proba de Tui25km, o que tamén explica unha parte do superávit, e comprométese a facer o pagamento a principios de 2018. Tamén fai unha explicación pormenorizada de tódalas partidas, das orixes de recursos e dos gastos onde foron aplicados. Faise especial mención á subvención percibida por acadar o Premio do Mellor Club Galego de Montañismo FGM no ano 2016 e á posibilidade de que desapareza esta axuda na FGM.

As contas anuais son aprobadas por unanimidade.

3.- Resumo de actividades 2017 e proxecto 2018.

Faise un resumo con proxección de fotografías das actividades organizadas en 2017.

Faise mención ás dúas actividades federativas FGM que organizou Xistra: a marcha con vivac (celebrada en Pena Trevinca) e o descenso de barrancos (celebrado no Courel).

Así mesmo coméntase a participación no resto das actividades FGM como carreiras por montaña, marcha de veteranos, día do sendeirista, marchas de 50 quilómetros, e marcha de 100 quilómetros, etc. e a alta cantidade de socios agasallados na gala do montañismo.

Menciónase a implicación do club no Open de Marchas de 25km, así como a decepción na celebración dalgunha das actividades denominadas Peque Rutas, ou o relativamente importante éxito de participación nas actividades da FEDME, tanto en carreiras, coma no campamento anual e na reunión de veteranos.

Con motivo de celebrarse a cea baile anual o sábado 11 de novembro de 2017, no Hotel Coia de Vigo, recibiron unha insignia de prata por cumpriren 25 anos ininterrompidos os seguintes socios: María Teresa Cameselle e Ricardo Echevarría (ausente).

Respecto ás actividades para 2018 infórmase de que o V Open de Andainas será organizado por varias entidades, comprometéndose Xistra a colaborar na parte técnica de clasificacións e correndo con toda a organización en Tui.

Dende a vogalía de barrancos proponse a realización de dúas xornadas de barrancos a parte das que poida celebrar a Federación.

As actividades de Peque Rutas quedan en suspenso mentres non atopemos un responsable no club para dinamizalas. Prégase a participación dos socios.

O club non ten ningún compromiso federativo para 2018, xa que neste momento non hai normativa sobre baremo ou premios por organización na Federación Galega de Montañismo e o Presidente de Xistra considera arriscado comprometer a nosa entidade sen existir garantías ou compromisos fiables avalados pola Asemblea da Federación.

4.- Axudas a deportistas.

Faise unha breve explicación do funcionamento do Baremo e das axudas concedidas ós federados de Xistra, por participación en diversos eventos deportivos no ano 2017.

Exponse publicamente na Asemblea o cadro de puntuacións dos 131 socios, información dispoñible anteriormente no taboleiro do club. Os socios que acadaron a puntuación mínima foron 35 federados que percibirán axudas de entre 15 e 70 euros, acadando o importe adicado a este concepto un total de

1.510,00 € (mil cincocentos dez euros) a pagar en 2018.

Infórmase de que o método actual de axudas de Xistra pode estar en perigo para próximos anos xa que este sistema está baseado no traspaso de subvencións recibidas por Xistra ós seus deportistas en función da súa actividade federativa. Neste momento o sistema de baremo está sendo desarticulado na Federación, en especial por algúns membros da súa Asemblea que non lles presta que nos últimos anos Xistra sexa varias veces gañadora dun baremo do que antes eles eran “propietarios” en monopolio.

A máis, este ano, igual que o precedente. faise unha promoción de licenzas gratuítas para infantís sempre ligadas á tramitación dunha licenza por un adulto. Tamén pode ampliarse a actividades de Peque Rutas no caso de que vaian adiante.

5.- Rogos e preguntas.

Don José do Pazo interésase pola presenza de ChampionChipNorte na organización do Open de Andainas 25km. Explícaselle que utilizamos a súa plataforma só para o sistema de inscricións, polo seu reducido custo en comparación coa labor de xestionar os cobros e listaxes de participantes, e non para control de tempos nin outros servizos. O motivo é descargar ós organizadores de labores tediosas e que rouban moito tempo.

Sen outros asuntos que tratar, e sendo as 21:30 horas procédese a levantar a reunión do que dá fe o Director Técnico co visto e prace do Presidente.

Dá fe
Raúl Leirós Gutiérrez
Director Técnico – Secretario da Asemblea

Co Visto e Prace
Xosé Henrique Freixeiro Cameselle
Presidente do Clube de Montaña Xistra